

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DA RAZA RUBIA GALEGA (ACRUGA) PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE CONSOLIDACIÓN E DIVERSIFICACIÓN XENÉTICA DA RAZA RUBIA GALEGA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, o día 27 de maio do 2016, ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA) para a realización dun Programa para a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Rubia Galega é unha raza bovina autóctona de Galicia cuxo acervo xenético acumula unha parte imprescindible dos recursos zootécnicos autóctonos da nosa Comunidade Autónoma. A importancia tanto económica como social desta raza está avalada polo seu prestixio gandeiro e o gran número de gandeiros implicados con ela. Está considerada como unha raza de fomento polo seu censo e distribución xeográfica, non obstante, segundo os datos que figuran no Sistema Nacional de Información de Razas (ARCA) dependente do MAGRAM, a evolución censual da raza tende á recesión. Este feito vese agravado polo escaso número de sementais en activo dos que dispón a raza.

Ademais disto, nos últimos anos, o propio proceso selectivo levou a que unhas poucas liñas xenéticas aportaran a maioría dos individuos mellorantes, o que ocasionou un incremento da consanguinidade e unha perda de diversidade xenética. Estes dous feitos indican un perigo real de perda da variabilidade xenética na poboación que pode comprometer seriamente as posibilidades de mellora da raza no futuro. Por iso, considérase que resulta necesario desenvolver un programa de diversificación xenética no que o obxectivo sexa controlar o grao de consanguinidade e incrementar a base xenética da poboación na



procura de novas liñas que sirvan de fonte para obter reprodutores.

A Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA) é a entidade recoñecida polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente para a xestión do libro xenealóxico da raza Rubia Galega e o desenvolvemento do seu Programa de Mellora (BOE 91 de 16 de abril de 2012), e como tal figura incluída no Rexistro Xeral de Asociacións de Razas Puras e recoñecida pola Unión Europea. Ostenta a representación e defensa dos intereses dos gandeiros galegos de dita raza, e ten baixo a súa responsabilidade a promoción, defensa, mellora e fomento da mesma, así como o desenvolvemento das funcións que lle sexan delegadas polas administracións públicas. Este obxectivo son compartidos coa consellería do Medio Rural como se desprende do artigo 16.2 do DECRETO 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

As accións nesta materia están recollidas na Medida 10.2: conservación de recursos xenéticos na agricultura, do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015, e máis concretamente encadradas na Submedida 10.2 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia para o período 2014-2020, apoio á conservación e o uso e desenvolvemento sostibles dos recursos xenéticos na agricultura.

A Consellería do Medio Rural pretende asinar un convenio de colaboración con ACRUGA, co obxectivo de que a asociación poida realizar un programa de consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega, que prevé a intensificación dos traballos de selección dos reprodutores e dos apareamentos, co fin de controlar o grao de consanguinidade e recuperar a súa variabilidade para apuntalar os parámetros produtivos característicos da raza.

O desenvolvemento deste programa, só é posible coa participación de ACRUGA, como única entidade de Galicia que conta coa capacidade, persoal e medios para a realización do mesmo, por canto engloba a totalidade dos gandeiros con animais rexistrados da raza Rubia Gallega. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrência competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

Polo tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e



ACRUGA para a realización dun Programa para a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega, dentro do PDR de Galicia 2014-2020.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo a natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de xullo de 2016

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Asinada dixitalmente

Belén María do Campo Piñeiro

